

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS GALEGOS E GALEGAS PARA PARTICIPACIÓN EN PROBAS INTERNACIONAIS 2024 DE TRIATLON

A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno co fin de axudar a deportistas Galegos e Galegas, e apoiar a súa proxección internacional, convoca as seguintes axudas a probas internacionais.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas galegos/as que teñan participacións internacionais durante o ano 2024.

Poderán ser persoas beneficiarias desta convocatoria deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter 16 anos cumpridos a 31 de decembro da tempada da convocatoria
2. Ser Galego/a ou estar empadroado nalgún Concello de Galicia antes do 1 de xaneiro de 2022.
3. Ter licenza galega de tríatlon
4. Acreditar o nivel deportivo esixido de internacional.
5. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

REQUISITOS DEPORTIVOS

Serán beneficiarias desta convocatoria deportistas que cumpran ao menos un dos seguintes requisitos:

1. Convocatoria oficial por parte da FEGATRI para o Campionato por Autonomías e participación.
2. Representar á FEGATRI en proba internacional oficial (acudir co tritaxe oficial FEGATRI e xustificar a súa publicación en RRSS).
3. Representar á FETRI en Copa do Mundo .

ORZAMENTO

As axudas concedidas de conformidade coas presentes bases serán imputadas ao orzamento do ano 2024 da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno con cargo a partida “axudas a deportistas” por un importe de **10.000 €**.

PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de presentación de solicitudes finalizará ás 23:59 do 15 de novembro de 2024. As mesmas poderán presentarse directamente na sede da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno sita en: Rúa Castelao N.º 21 ent. nº 2 - 27001 Lugo, ou dixitalmente no correo: info@fegatri.org

SOLICITUDES

Mediante o formulario que se xunta

BAREMACIÓN

1. Participación coa selección galega: 40 puntos
2. Táboa de baremo:

Ámbito da competición		Categoría Elite/Absoluta				Sub 23				Júnior/Xuvenil			
		Do 1º ao 3º	Do 4º ao 10º	Do 10º ao 20º	*Participación	Do 1º ao 3º	Do 4º ao 10º	Do 10º ao 20º	*Participación	Do 1º ao 3º	Do 4º ao 10º	Do 10º ao 20º	*Participación
T1	Copa do Mundo**	25	20	15	10	20	15	10	5	15	10	5	2
T2	Copa Continental**	20	15	10	5	15	10	5	3	10	5	3	2
T3	Cto. de España Standard	15	10	5		10	5	3		5	3	2	
T4	Cto de España Sprint	15	10	5		10	5	3		5	3	2	
T5	Cto de España Supersprint	15	10	5		10	5	3		5	3	2	

Valoraranse todas as competicións que cumpran os requisitos.

Valoraranse unicamente os resultados acadados entre o 1 de xaneiro e 15 de novembro de 2024.

* O requisito de participación aplicarase cando se cruce a meta da proba.

Puntuación final, será a suma de puntos total da suma das puntuacións obtidas do baremo total. Deportistas con licenza galega que non pertencen a un club galego verán reducida a puntuación ao 50%

***Anexo Circular Dirección Deportiva 15/05/2024.- A participación coa uniformidade da selección galega na proba da Copa de Europa Elite de Vigo baremarase con puntuación dobre*

RESOLUCIÓN

A Comisión de Valoración realizará proposta de resolución á Xunta Directiva da FEGATRI para que esta resolva e aprobe. As listaxes das axudas concedidas publicaranse na páxina web da FEGATRI (www.fegatri.org)

RECLAMACIÓNS Contra a resolución da concesión das axudas poderán interporse reclamacións, no prazo máximo de 10 días a contar desde a publicación das listas de deportistas beneficiarios/as.

RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS

O prazo de resolución das anteditas reclamacións será de 10 días dende o remate do prazo anterior.

OBRIGAS DOS/AS DEPORTISTAS BENEFICIARIOS/AS

Aceptar e cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases desta convocatoria. Participar nas actividades de difusión co fin de demostrar o grao de aproveitamento destas axudas, así como nas actividades de promoción do deporte que poida programar a FEGATRI e/ou os seus patrocinadores e/ou entes colaboradores.

Para recibir a contía correspondente haberá que presentar as facturas que xustifiquen a execución dos gastos merecedores das AXUDAS. As facturas deberán estar a nome do/a

deportista ou da persoa titora do mesmo no caso dos menores. Deberá xuntarse copia do xustificante do cargo na conta bancaria.

Serán gastos xustificables os seguintes relacionados coa súa preparación e actividade deportiva no ano 2024 e que non tivesen sido imputados a outras axudas ou subvencións:

- a) Desprazamentos, aloxamentos e manutención.
- b) Inscricións a competicións e a concentracións.
- c) Material deportivo adestramento ou competición (Funxible/Non inventariable)
- d) Profesionais de fisioterapia/ nutrición / psicoloxía ou calquera outro servizo relacionado coa mellora da actividade deportiva.